

I ANDAINA+TRAIL "SAN SILVESTRE"

"MINAS DE SAN FINX"

LOUSAME 2017

Sábado, 30 de decembro

REGULAMENTO

O Club Lousame Deporte e o Concello de Lousame, organizan a actividade **I TRAIL + ANDAINA "MINAS DE SAN FINX" LOUSAME 2017** que se celebrará o sábado 30 de decembro con saída no poboado das minas de San Finx e chegada no polideportivo municipal "Pilar Barreiro Senra" situado no lugar de "A Silva".

- **Localidade de saída:** Poboado das minas de San Finx. **42º45'35.84"N 8º49'51.23"O**

- **Localidade de chegada:** A Silva, Polideportivo "Pilar Barreiro Senra", Lousame. **42º46'19.46"N 8º51'25.91"O**

DISTANCIA: 16 Kms aproximadamente

- **ANDAINA**

- ✓ **SAÍDA:** ás 10:00 h.
- ✓ **RECOLLIDA DE DORSAIS:** Dende as 8:15 h ata as 9:15 h.
- ✓ **SAÍDA DE AUTOBUSES:** ás 9:20 h dende o Polideportivo Municipal Pilar Barreiro Senra

- **TRAIL**

- ✓ **SAÍDA:** ás 15:40 h.
- ✓ **RECOLLIDA DE DORSAIS:** Dende as 13:45 h ata as 15:00 h.
- ✓ **SAÍDA DE AUTOBUSES:** dende o Polideportivo Municipal Pilar Barreiro Senra, as 14:00 h, 14:30 h e as 15:00 h

Na modalidade de Trail e obrigatorio que cada corredor leve teléfono móbil, e tamén un frontal con luz.

1. Inscricións:

As inscricións, consulta de clasificacións e tempos centralizaranse na páxina web **www.emesports.es**, o atleta deberá cubrir o formulario de inscrición, que estará limitada a un maximo de 250 participantes.

A data límite de inscricións será o **martes 26 de decembro de 2017 as 23:59 horas.**

A inscrición que dá dereito a participar na actividade, seguro de responsabilidade civil, seguro de accidentes, avituallamentos, duchas e agasallos conmemorativos.

Tódolos participantes polo feito de tomala saída, aceptan o presente regulamento e a cesión dos dereitos de imaxe e contidos audiovisuais (sen fins comerciais) á organización.

O descoñecemento deste regulamento, non exime do seu cumprimento.

2. Sinalización e controis:

Os percorridos estarán sinalizados con cintas de baliza e sinais, controlados polas Agrupacións de Protección Civil colaboradoras no evento, así como os puntos de avituallamento e aqueles lugares que o requiran tanto polo seu interese como por seguridade; Ó longo do percorrido, a organización establecerá controis que estimen oportunos, os cales poderán ser descalificantes para o que cometa algunha irregularidade.

3. Avituallamentos:

No kilómetro 5,9 na aldea de Agueira e no kilómetro 11,8 na saída da fábrica de papel de Fontán, na aldea do Castro e ó remate da proba no polideportivo municipal “Pilar Barreiro Senra”.

4. Recordos e trofeos:

Os/as participantes tanto na modalidade de Trail coma de Andaina, serán agasallados cunha braga técnica para a protección do cuello conmemorativa da actividade.

Os trofeos soamente serán para a modalidade de Trail, para os tres primeiros clasificados da categoría masculina e da categoría feminina absoluta (Entrega ás 18:30 h. no Polideportivo Municipal Pilar Barreiro Senra)

5. Exclusiones:

Serán excluídos das probas todos aqueles que incumplan as seguintes condicións: non seguir a ruta marcada pola organización; participar poñendo en risco tanto ao entorno como aos demais participantes; non respectar a todos os participantes; non cumprir as indicacións da organización; non respectar o medio ambiente e a propiedade tanto pública como privada e non depositar os residuos nos lugares que se habiliten para tal fin. Dado o carácter estritamente popular, festivo e deportivo desta proba, a organización agarda de tódolos participantes o mellor espírito deportivo.

6. Limitacións e doenzas:

Os participantes teñen a obriga de comunicar á organización se padecen algunha doenza ou limitación que poida requirir unha atención especial no desenvolvemento da actividade; en caso contrario, as consecuencias serán sempre da

súa responsabilidade. No caso de deporte adaptado, valorarase a situación de cada atleta.

7. Cambios e suspensión:

A organización resérvase o dereito a realizar as modificacións que considere necesarias para un mellor desenvolvemento da actividade, así como a súa suspensión ou aprazamento se as condicións meteorolóxicas o obrigan por casos de forza maior.

8. Responsabilidade:

A organización conta cun seguro de responsabilidade civil e contratará outro de accidentes, pero cada participante, polo mero feito de formalizar a inscrición, fáise responsable individualmente dos danos que cause no desempeño da actividade, sempre e cando esta non se realice nas condicións establecidas ou dentro dos circuitos delimitados. A organización tampouco se responsabiliza dos obxectos personais que poidan extraviarse ou danarse.


9. Dorsais:

A tódolos participantes facilitaráselle un dorsal que colocarán no seu peito de forma visible para a súa identificación durante a proba e a chegada. O feito de non levalo dará lugar á descalificación do corredor.

[Para a recollida de dorsais é imprescindible a presentación do D.N.I.](#)

Os/as participantes recollerán os dorsais no Polideportivo Municipal Pilar Barreiro Senra, e posteriormente levaráanse en autobuses ata a liña de saída (poboado da Minas de San Finx)

10. Percorrido:





11. Servicios post--actividade

Os/as participantes, tanto na modalidade de andaina coma de trail, ó remate das mesmas contarán cun **servizo de duchas**, no Polideportivo Municipal Pilar Barreiro Senra.

Tamén poderán disfrutar dunha **chocolatada ó remate** das mesmas.

Para a modalidade de Trail, os/as corredores/as, terán un **servizo de fisioterapia e masaxe**, ofrecido a cargo de Fisioterapia Physis (Outes). Nesta modalidade, tamén se levará a cabo varios **sorteos de material**, antes da entrega de trofeos (ás 18:30 h).